

II Concurso de trabajos por proyectos

**Axencia
literaria**



**M
E
M
O
R
I
A**

**M^a Teresa Leis Rey
IES Manuel García Barros
(A Estrada)**

Blogues:
[Agencia literaria Apalabrados](#)
[Agencia literaria Legere](#)
[Agencia literaria Litterae sunt](#)

O traballo por proxectos que aquí presentamos inclúese na **modalidade 2a**: foi deseñado pola profesora de Lingua Castelá e Literatura M^a Teresa Leis Rey e realizado cos tres grupos de 4º de ESO do IES Manuel García Barros, centro no que imparte as tres aulas deste nivel..

Esta memoria respecta os apartados propostos pola Asesoría de Bibliotecas Escolares.

a. Introducción (xustificación, calendario de realización, alumnado e profesorado participante, organización, referencia aos contidos curriculares e ás competencias básicas...)

O nacemento deste proxecto é froito en parte dunha serie de circunstancias felices: hai varios anos, cando esta metodoloxía recibía outras nomenclaturas e estaba vixente a LOXSE, eu utilizaba nas aulas propostas que tentaban espertar o interese e a participación dos alumnos, pero o cambio de centro e a incorporación a un departamento didáctico formado por catro profesores, máis e a imposibilidade de seguir a formación deses alumnos, levoume a cambiar a metodoloxía. No centro no que traballo actualmente non hai moita tradición de traballar por proxectos (inda que si hai outras propostas innovadoras), polo que esta iniciativa foi levada ás aulas de 4º de ESO só na materia de Lingua Castelá e Literatura: quería en principio dar a coñecer e ir extendendo esta forma de traballo entre os restantes membros do claustro, co fin de que o próximo curso se poidan desenvolver outros proxectos deste tipo xa de forma interdisciplinar.

Dende hai uns anos sentía a necesidade de retomar fórmulas xa usadas con éxito no pasado, unha experiencia didáctica que se demostrara útil, eficiente e satisfactoria no traballo diario. En novembro-décembro de 2014 asistín ao curso de formación *Biblioteca escolar. Os proxectos documentais* (S1401067), organizado polo CAFI, e revivíu ese desexo de cambio: posto que tiñamos que deseñar un traballo por proxectos realista, era unha boa ocasión para idealo e levalo a cabo.

No [programa de Lingua Castelá e Literatura](#) en 4º de ESO contémpanse tanto contidos de lingua (gramaticais, pragmáticos, léxicos, evolución da lingua, sociolingüísticos, tipoloxía textual...) como contidos de literatura (a historia da literatura española dos séculos XIX e XX e a literatura hispanoamericana). Son contidos dunha grande amplitude, o que supón que os alumnos só podan recibir unha aproximación superficial e en gran medida descontextualizada. Por iso se lles propuxo desenvolver un traballo colaborativo no que tivesen que aprender para faceren e facer para aprenderen. Os contidos curriculares recóllense no apartado b.

No proxecto [participaron 78 alumnos](#), todos eles de 4º de ESO. A súa participación no proxecto foi cualificada cun 5% da nota global da materia; evidentemente, cada alumno recibiu unha cualificación segundo a súa actitude e a súa aportación ás tarefas do grupo. Foi desenvolvido dende mediados de abril ata a última semana lectiva (do 15 ao 19 de xuño); algunhas semanas adicámoslle as tres sesións semanais, e outras unha ou dúas. En total empregáronse doce sesións.

Son varias as [competencias clave](#) que se desenvolveron:

- A. Comunicación na lingua materna (nalgúns casos o castelán é a súa segunda lingua).
- B. Conciencia e expresión culturais.
- C. Aprender a aprender.
- D. Competencia dixital.
- E. Competencias sociais e cívicas.
- F. O sentido de iniciativa e o espírito de empresa.

A relación entre as tarefas e estas competencias aparece recollida nun cadro presentado no apartado c.

b. Obxecto ou temática de investigación propostos.

Este proxecto desenvolveuse sobre a parte do currículo de literatura, que no curso de 4º de ESO comprende os séculos XIX e XX e a literatura hispanoamericana. Os alumnos tiveron que aprender as características propias dos principais movementos artísticos dos séculos XIX e XX: Romanticismo, Realismo, Modernismo, Generación del 98, Generación del 27, e narrativa e lírica hispanoamericanas.

Os alumnos debían crear unha axencia literaria mediante a que promocionar unha serie de autores que escolleron entre os grandes da literatura española dos séculos XIX e XX.

Necesitouse tamén contar con coñecementos de arte para escoller as imaxes que acompañarían cada movemento artístico nas presentacións feitas para os seus compañeiros.

Indagaron ademais na biografía e bibliografía dunha serie de autores: pediúselles que investigasen sobre os autores máis representativos de cada periodo e que escollesen entre dous e catro autores por grupo-clase. Os escritores escollidos foron: Gustavo Adolfo Bécquer (traballado en dúas aulas), José Zorrilla, Benito Pérez Galdós, Emilia Pardo Bazán, Rubén Darío, Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez, Federico García Lorca e Pablo Neruda. Sobre estes autores elaboraron dous currícula vitae, unha carta a un coetáneo e un correo electrónico enviado á súa axencia literaria, para o que levaron a acabo unha ampla aprendizaxe sobre as súas vidas e produción literaria. Leron textos dos seus autores para elaboraren unha antoloxía cos máis significativos.

A análise de textos literarios foi a base para poder desenvolver os comentarios literarios, e o estudo do estilo do escritor serviu para redactar un texto “inédito” que os alumnos redactaron “á maneira do autor” que estaban a traballar.

Estudamos as características formais da tipoloxía de textos diversos (**narrativos**: carta; **expositivos**: currículo vitae; **descriptivos**, **argumentativos**: textos literarios e linguaxe publicitaria...) e aproveitamos para revisar tipos de textos pouco frecuentados nas aulas: a acta, a carta comercial, a formal e a familiar, o correo electrónico formal, o currículo vitae e a escrita de “post” nos blogues.

Evidentemente, foi fundamental activar todos os coñecementos xa adquiridos na formación de usuarios sobre a localización dos fondos segundo a CDU, os criterios de busca na rede (criterios de confiabilidade das páxinas web, selección da información), a elaboración de bibliografías, as citas bibliográficas, os dereitos de autor das fotografías utilizadas, a presentación dos traballos (formatos, tipos de letra, espaciados...) e tamén a forma correcta de enviar os traballos por correo electrónico (cubrir o apartado asunto, enviar o documento nun arquivo adxunto, saudar e despedirse do interlocutor...). Aprenderon ademais o uso de ferramentas de deseño e tratamento de imaxes, a redactar un currículo segundo un modelo dixital (*euro pass*), programas de presentación e mesmo elaboración de vídeo.

Retomamos a aprendizaxe e concienciación da escrita coma proceso coa creación de bosqueños, borradores (que debían gardar e numerar) e a revisión do texto definitivo. Na revisión e corrección dos textos escritos houbo que lembrar os principios xa aprendidos de adecuación, coherencia e cohesión do texto (uso de deícticos, sinónimos, hiperónimos), de sintaxe e cuestións sobre as situacións comunicativas do emisor e do receptor, e tamén das inferencias, dos dobres sentidos que podían ter os escritos e que, nalgúns casos, debían evitar.


A expresión oral, tanto na paralinguaxe coma na xestualidade, foi imprescindible para presentar as súas creacións a un foro amplo de persoas.

A lectura de xornais e foros culturais proporcionou as noticias de actualidade que debían recensionar nos seus blogues.

Na páxina 9 do apartado c recolleemos a cadro que se lles entregou coa listaxe de tarefas que debían presentar ao rematar o proxecto.

c. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

Iniciamos o traballo cos alumnos cun pequeno xogo: díxoselles que ao correo da biblioteca do centro chegara unha solicitude de colaboración, e mostrámoslles tal suposto correo. Cremos que a motivación de axudar foi suficiente para que no primeiro momento puxeran toda a vontade.



Cada grupo-clase de alumnos tiña que crear unha axencia literaria para elaborar os produtos de promoción dos grandes autores da literatura española na Feria de Alcalá de Henares. No primeiro momento investigaron qué era unha axencia literaria e escolleron o nome para a súa axencia. Tras isto, os alumnos debían distribuírse en tres grupos con roles diferenciados en función das súas preferencias ou das necesidades do grupo: os publicistas, os escritores e os axentes literarios. A continuación mostramos como quedaron organizados os alumnos das tres aulas e os nomes escollidos para cadansúa axencia.

4ºA: Apalabrados		
Escritores	Agentes/Editores	Publicistas
Ana Sieiro	Laura Carbajal	Marcos Valcárcel
Daniel Pernas	Nieves Saavedra	Martín Mato
Evelyn Ramírez	Paula Domínguez	Lidia Baluja
Antía Paz	Noelia Gestoso	Alejandro Figueiras
Miguel Rodríguez	Benjamín Mato	Daniel López
	Mateo Varela	Pedro Constenla

4ºB: Legere		
Escritores	Agentes/Editores	Publicistas
María Villamor Alicia González Laura Rivero Berta Cerviño Nuria Blanco Román Constenla Sergio García Iván Sueiro	Pablo Santos Miguel Valiño Rubén Sangiao Clara Correa Daniel Suárez Mauro Sanín Marcos Gañete Julia Arcay	Fran Louzao Jose Zamar Daniel Rey Trillo Brais García Diego García Sandra Constenla María Brea Alba Piso

4ºC: Literae sunt		
Escritores	Agentes/Editores	Publicistas
Sebas Eiras Xoán Núñez Jesús Bascuas Noelia Calvo Alba Carballada María Somoza Álvaro Cerviño Daniel Luis Laura Lobato Noelia Soto	Jessica Iglesias Loyola Silva Mariña Pena Vicky Peiteado Noemí Turnes Ariadna Bermejo Ana Sayáns Antía Campos Sonia García Guillermo Fernández Miguel Touceda	Patricia Campos María Delgado Arturo Ferro Laura Latorre Rubén González Paloma Leis David Porto Yábsera Ortega Lía Campos Carlota Souto

A continuación, tiñan que elaborar un blog no que exporían parte das actividades creadas. Contemplábase que no blog figurarían os enlaces a algunhas das principais editoriais (fundamentalmente do ámbito español) e a feiras do libro. Ademais, debían incorporar noticias sobre temas culturais actuais e sobre eventos culturais dos séculos XIX e XX narrados coma se fosen de plena actualidade.

Nas catro páxinas seguintes pódese ver o deseño inicial da actividade, que sufriu algunha ampliación durante o seu desenvolvemento porque percibimos que quedaban descompensadas as tarefas ou os ámbitos de estudo (características da época, biografías, redacción) ao comparmos os tres roles (escritores, publicistas e axentes) que asumiran. Introducimos algunha outra novidade máis: por exemplo, o ritmo de traballo e a busca superficial da información que estaban a realizar os estudantes levounos a ofrecerlles que, como parte dos deberes de fin de semana de mediados de maio, respondesen unhas cuestións. Queríamos que esta tarefa os obrigase a unha busca de información puntual e case individualizada, e que tivesen un prazo fixo para a entrega dos primeiros documentos, que non daban nunca por rematados. Tratábamos así de introducir un elemento corrector no desenvolvemento do traballo e no cumprimento da axenda marcada, e que aprendesen que era importante seguila, sobre todo no caso dun traballo grupal coma este. Esta relación de deberes figura no Anexo II.

TAREFAS	CONTIDOS	COMPETENCIAS CLAVE ¹ / RESPONSABLE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
1. Investigar que é unha axencia literaria.	✓ Manexo de buscadores para escoller as páxinas de internet coa información máis fiable. ✓ Comprensión e síntese da información recollida.	A, C, D, E Todo o grupo	● Entender instrucións e normas transmitidas oralmente; extraer ideas xerais e informacións específicas de textos escritos. ● Consultar tutoriais sobre a busca eficaz na rede. ● Recoñecer os criterios de fiabilidade dos textos na internet. ● Mellorar a eficacia na busca de información na rede.
2. Poñer nome a dita axencia. Deseñar o seu logo.	✓ Valoración da función, importancia e pertinencia das palabras, así como o seu uso correcto segundo as normas ortográficas. ✓ Busca de imaxes de marca valorando a súa repercusión comunicativa.	B, F Nome: todo o grupo Logo: publicistas	● Comprender a importancia dos nomes e dos logos nas marcas. ● Mostrar a creatividade no uso da lingua e das imaxes corporativas.
3. Distribuír os roles de autor/es, axente/s literario/s dos escritores e publicistas.	✓ Comprensión das diferentes tarefas dentro dunha empresa. ✓ Comprensión e aplicación das características textuais da acta.	F Todo o grupo, agás a acta (axentes literarios)	● Asumir e responsabilizarse das tarefas outorgadas. ● Valorar o traballo cooperativo: participar activamente no grupo. ● Redacción correcta da acta de constitución da axencia: debe responder ás esixencias do tipo concreto de texto, e utilizarse a lingua adecuada e correctamente, coidando a ortografía e os aspectos cohesivos.

(continúa na páxina seguinte)

¹ As referencias das **competencias clave** responden á seguinte codificación: (A) comunicación na lingua materna; (B) conciencia e expresión culturais; (C) aprender a aprender; (D) competencia dixital; (E) competencias sociais e cívicas; e (F) o sentido de iniciativa e o espírito de empresa. En cada cela, debaixo das competencias, explíctase quen desenvolverá as tarefas: **todo o grupo**, **publicistas**, **axentes literarios** ou **escritores**.

TAREFAS	CONTIDOS	COMPETENCIAS CLAVE / RESPONSABLE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
4. Diseñar un blog no que se recollan as diversas actividades da axencia: organigrama, autores vencellados, enlaces de interese, novas culturais...	✓ Análise de diferentes blogues de carácter cultural. Valoración e aproveitamento das características aplicables ao deseño propio. ✓ Consulta frecuente de xornais dixitais, blogues e páxinas web que ofrezan informacións culturais relevantes. ✓ Consulta de páxinas web, enciclopedias, manuais e tratados que recollan información sobre a biografía dos autores e o contexto histórico-cultural, datos que serán reflectidos no blog como se fosen noticias recentes. ✓ Uso con certa autonomía dos dicionarios e dos correctores ortográficos dos procesadores de texto. ✓ Coñecemento dos dereitos de autor sobre as imaxes na rede.	D, A, B, E Axentes literarios	● Diseñar un blog coidando tanto o aspecto estético como a distribución dos contidos nos apartados. ● Responsabilizarse de manter actualizado o blog con datos de actualidade e/ou históricos presentados como noticias reais. ● Asumir as tarefas que lle foron asignadas individual e grupalmente en canto á busca de información, a súa síntese e a súa reelaboración.
5. Elaborar os currícula vitae dos autores: Bécquer, Rosalía de Castro, Larra, Zorrilla, Galdós, Pardo Bazán, "Clarín", algún da Generación del 98 e da Generación del 27 e algún escritor hispanoamericano.	✓ Utilización con certa autonomía da biblioteca do centro (física e na rede), das da contorna e das bibliotecas virtuais. ✓ Busca, comprensión, síntese e reelaboración das informacións relevantes sobre a vida dos autores escollidos, comprendendo as súas biografías no contexto histórico que lles tocou vivir. ✓ Comprensión e aplicación das características do currículum vitae. ✓ Redacción correcta e adecuada dun currículum vitae que recolla os aspectos relevantes da biografía de cada un dos autores seleccionados.	A, C, B Escritores	● Redactar correctamente un currículum vitae, respectando a súa estrutura; a información mostrada debe respectar a biografía real do escritor.

(continúa na páxina seguinte)

TAREFAS	CONTIDOS	COMPETENCIAS CLAVE / RESPONSABLE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
6. Redactar as cartas que os propios autores escribirán aos seus representantes ou á propia axencia mostrando o seu interese por participar na Feria de Alcalá de Henares. Redactar tamén cartas que se poidan intercambiar entre eles.	✓ Coñecemento dos diferentes rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua nos distintos ámbitos sociais; valoración da importancia de usar o rexistro adecuado dacordo coas circunstancias da situación comunicativa. ✓ Comprensión das características da carta formal, da informal e do correo electrónico. ✓ Redactar con adecuación, coherencia e cohesión as cartas ou correos electrónicos que os propios autores escribirían.	A, B Escritores	● Redactar correcta, adecuada e coherentemente varias cartas e/ou correos electrónicos, que os autores enviarán á axencia e se intercambiarán entre eles.
7. Seleccionar os textos máis representativos de cada autor, que conformarán a antoloxía que a súa axencia entregará na Feria a outras axencias que desexen mercar os dereitos de tradución.	✓ Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento. ✓ Valoración dos textos claves da literatura española, da súa importancia e repercusión na nosa tradición cultural. ✓ Coñecemento da diversidade lingüística de España (linguas e dialectos) e da situación actual do español no mundo. ✓ Coñecemento dos diferentes xéneros literarios e das súas características.	B, A Axentes literarios	● Desenvolver argumentos na defensa das ideas propias, que manifesten a preferencia por un texto, con criterios baseados en conceptos propiamente literarios e/ou os gustos persoais. ● Seleccionar os textos máis relevantes da literatura española dos séculos XIX e XX e da literatura hispanoamericana do XX.
8. Elaborar un produto sobre algunha das obras destacadas: un tráiler, unha tira de viñetas, un rap...	✓ Busca de diversos exemplos de produtos artísticos. ✓ Comprensión das diferentes linguaxes artísticas. ✓ Coñecemento dos recursos expresivos utilizados en cada un dos medios consultados. ✓ Creación dun ou varios produtos sobre un ou varios textos.	A, B, D Publicistas	● Valorar a creatividade e a adecuación dos medios expresivos para transmitir a mensaxe. ● Valorar a calidade e a relevancia do produto. ● Recoñecer e valorar a integración dos membros no grupo e a súa participación para acadar o obxectivo.

(continúa na páxina seguinte)

TAREFAS	CONTIDOS	COMPETENCIAS CLAVE / RESPONSABLE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
9. Deseño do <i>stand</i> da axencia na Feria.	✓ Consulta de diversas imaxes sobre <i>stands</i> de feiras culturais. ✓ Elaboración dun texto descritivo coas instrucións para montar dito <i>stand</i>. ✓ Coñecemento dos sentimentos vencellados á cor e ás formas, así como do seu uso.	F, A Publicistas	● Valorar a eficacia expresiva na descrición do espazo.
10. Deseño do folleto de presentación da axencia e do seu anuncio publicitario.	✓ Busca de exemplos de folletos. ✓ Consulta de diferentes anuncios publicitarios en diversos soportes, recoñecendo a súa linguaxe expresiva (tanto verbal como icónica). ✓ Coñecemento básico da linguaxe publicitaria. ✓ Deseño e elaboración do folleto da axencia. ✓ Deseño e elaboración do anuncio publicitario: os alumnos poderán escoller entre anuncio radiofónico, en prensa escrita, en prensa dixital ou audiovisual.	A, D, E Publicistas	● Valorar os produtos realizados, tanto pola súa corrección como pola súa utilidade para mostrar os aspectos salientables da empresa, a axencia literaria.
11. Discurso de presentación da axencia e dos seus servizos no foro de actos da Feria.	✓ Coñecemento das características propias da lingua oral. ✓ Coñecemento dos recursos da linguaxe non verbal e da súa adecuación en diversos ámbitos. ✓ Coñecemento dos aspectos paralingüísticos da lingua: acento, entoación, xestualidade... ✓ Busca de información sobre discursos orais e valoración da súa capacidade expresiva. ✓ Redacción dun discurso para o foro de asistentes á Feria de Alcalá de Henares. ✓ Lectura do discurso na propia Feria.	A, E, B Axentes literarios	● Utilizar nunha exposición oral os recursos lingüísticos e non lingüísticos con corrección e adecuación.

Listado de actividades por grupos:

Escritores	Agentes	Publicistas
✓Elaborar el currículum vitae del autor escogido según modelo europeo (utilizando uno de los modelos disponibles en internet). ✓Redactar el Currículum vitae de tu autor en un programa de tratamiento de texto (Word, Open office...) ✓Preguntas de los deberes del día 15, servirán para completar datos del currículum que hubieran podido quedar incompletos. [Recordad el uso de las imágenes y enlaces a todas las obras literarias del autor/a que hayáis trabajado.] ✓Escribirás una carta a uno de tus coetáneos explicándole tu situación vital o profesional e interesándote por la suya. ✓Lee varios textos del autor al que representas. Descubre cuáles son sus temas más repetidos y cuáles los recursos que utiliza. Escribe un texto inédito “a la manera de” tu autor. ✓Enviar un correo electrónico a tus agentes, para hacerles saber que has creado una obra nueva y mostrar tu deseo de participar en la feria, de ser traducido a diferentes lenguas, de participar en firmas de libros, charlas, presentaciones en librerías... ✓Incorporar entradas al blog sobre novedades culturales: presentaciones de libros, estrenos cinematográficos, representaciones teatrales...	✓Acta de la constitución de la agencia literaria. ✓Texto de presentación en el blog de la agencia. ✓Carta a los escritores para informarles de la creación de vuestra agencia. ✓Carta a los editores para solicitarles las posibles colaboraciones en un futuro. ✓Lectura de textos de los autores a los que representáis y selección (antología) de los más representativos. ✓Comentario sobre los textos seleccionados, destacando los valores expresivos de cada uno (deberá relacionarse el contenido con la forma de expresión). ✓Preguntas del día 15 que mandaban recoger las características de los movimientos literarios del Romanticismo, Realismo, Modernismo, Generación del 98, Generación del 27. ✓Elaborar una presentación (power point, prezi) sobre cada movimiento (época, características, autores, obras...) Incorporar las imágenes que os cederán vuestros publicistas. ✓Incorporar entradas al blog presentando como actuales sucesos del pasado. ✓Redacción del discurso pronunciado en el foro de la Feria que mostrará la satisfacción por ser la joven empresa invitada este año. Lectura en voz alta.	✓Creación del logotipo de la agencia literaria. ✓Diseño del blog de la editorial (incorporación del logo, listado de las editoriales (ojo, algunos tendrán que revisarlas), las ferias del libro (algunos internacionales, otros locales), incorporar las páginas web de los escritores de vuestra agencia, algún <i>booktrailer</i>... ✓Responder a las preguntas del 15 de mayo que consistían en buscar imágenes representativas de cada movimiento artístico de los estudiados; investigar qué era un caligrama y quién fue Luis Buñuel, y conocer la historia de la publicidad en España. ✓Diseñar los títulos académicos que puedan necesitar los escritores a los que representáis. ✓Diseño del anuncio publicitario (en soporte papel, audio o audiovisual) que dará a conocer a la agencia en la Feria de Alcalá de Henares. ✓Diseño del <i>stand</i> de la agencia en esa Feria. Acompañado del texto descriptivo para su montaje. ✓Enmaquetar el folleto de la agencia en la que se recogerán los textos seleccionados. ✓Elaborar un producto sobre alguna de las obras destacadas: un tráiler, un <i>booktrailer</i>, una tira de viñetas, un rap... ✓Incorporar en el blog los textos “inéditos” de vuestros autores.

d. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

O límite de páxinas desta memoria impídenos reproducir aquí toda a documentación elaborada que foi posta a disposición dos alumnos na aula virtual de Lingua Castelá e Literatura de 4º de ESO. Tamén se expuxeron materiais que puidesen servirles para consulta: foi o caso de modelos para a elaboración e revisión dos escritos. Preparáronselles os documentos seguintes: Normas de escritura, Esquema de comentario literario, Figuras literarias, Listado de editoriales, Modelo de currículo europeo; tamén se lles prepararon materiais variados sobre a publicidade, e púxose ao seu alcance información diversa e en distintos soportes sobre os diferentes periodos literarios.

Durante o proceso e para reconducir a busca de información (que considerabamos que estaba sendo superficial), elaboramos un documento cunha serie de propostas de busca máis guiada e puntual que, tras ser realizadas por eles, axudarían a mellorar os produtos que estaban a desenvolver (currícula, presentacións...) Este documento recibiu o nome de “Deberes para el 15 de mayo” (véxase o Anexo II) e acompañouse dunha listaxe das tarefas (na páxina anterior) que realizaría cada grupo, e que enviarían á profesora antes do 12 de xuño; os alumnos estaban retrasando a entrega dos primeiros produtos, e esta iniciativa serviu para reconducir esta dinámica. Parte destes documentos están dispoñibles no Anexo II, que recolle os materiais creados pola profesora.

e. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

A relación de tarefas figura na páxina anterior, pero queremos destacar a calidade dos traballos elaborados: algúns atópanse nos blogues xa referenciados na portada, e outros textos recollímolos nun anexo a esta memoria (“Anexo I: materiais elaborados polos alumnos”); non era posible recollelos todos aquí. É tamén de destacar como se implicaron e colaboraron os rapaces tanto durante o proceso (no que uns guiaban aos outros no uso das ferramentas informáticas ou na localización de fontes) como para completar o traballo, de tal xeito que os que remataban as partes que lles foran asignadas pasaron a ocuparse doutras que estaban a sufrir retraso; polas tardes xuntábanse ás veces na Biblioteca Municipal para finalizar as tarefas, gravar o *booktrailer*, etc.

Tamén aprenderon a historia da redacción de textos formais, pois moitos confesaron ter buscado cartas doutras épocas para poder redactar unha que non desentonara no século que debían representar. Pero, sobre todo, destacaremos que os alumnos aprenderon a organizarse dunha forma máis autónoma, a responsabilizarse da súa aprendizaxe e a asumir o seu rol dentro do grupo no que estaban integrados, a valorar as ensinanzas recibidas dos seus iguais: é dicir, aprenderon a valorar a importancia do traballo cooperativo.

f. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Utilizamos os ordenadores da biblioteca do centro, máis o portátil achegado pola profesora e mesmo os teléfonos móbiles para buscas puntuais. Usamos os canóns da biblioteca e das aulas para a presentación dos materiais dos que dispuñan na aula virtual e os creados por eles na exposición final. Usamos tamén os auriculares e os catro lectores electrónicos da biblioteca (estes para ler algunhas obras clásicas.) Foron imprescindibles tamén os fondos da biblioteca. Na enumeración das fontes consultadas para a investigación fixemos unha selección e organizámola en dous grupos segundo o soporte: libros (en papel) e enlaces na rede (dixitais).

● Selección da bibliografía consultada:

Libros:

- Canavaggio, Jean (Dir.): *Historia de la literatura española*, Tomos V (El siglo XIX) y VI (El siglo XX), Barcelona: Ariel, 1995.
- Carulla, Jordi e Carulla, Arnau: *La publicidad en 2000 carteles*, Postermil, 1998.

- El País: *Enciclopedia del estudiante*, Tomo 1 (Lengua Castellana II) y Tomo 3 (Literatura en Lengua Castellana).
- Pedraza Jiménez, Felipe B. y Rodríguez Cáceres, Milagros: *Las épocas de la literatura española*, Barcelona: Ariel, 1997.
- Platas Tasende, Ana M^a: *Diccionario de términos literarios*, Madrid: Espasa, 2002.
- Ruiz Ramón, Francisco: *Historia del Teatro Español*, Tomos I yII, Madrid: Cátedra, 1988.
- Roca, Paco: *Los surcos del azar*, Bilbao: Astiberri, 2013.
- Sánchez Cerezo, Sergio (dir.): *Imago. Literatura española y universal*, Madrid: Santillana, 2002.
- Solís, Fermín: *Buñuel en el laberinto de las tortugas*, Bilbao: Astiberri, 2009.
- VV.AA.: *Diccionario de literatura*, Barcelona: Océano, 2005.
- Consultáronse tamén edicións críticas das obras comentadas e libros de texto de Lengua Castellana y Literatura para 4º de ESO de diferentes editoriais.

Enlaces na rede:

- Cid, Julieta: *El Modernismo* [en liña]. [Consultado o 18/05/2015]. Dispoñible en: <http://www.monografias.com/trabajos16/modernismo-literario/modernismo-literario.shtml>
- VVAA: *Modernismo* (literatura en español) [en liña]. [Consultado o 18/05/2015]. Dispoñible en: <https://es.wikipedia.org/wiki/Modernismo>
- Autor descoñecido: *Definición de Modernismo* [en liña]. [Consultado o: 18/05/2015]. Dispoñible en: <http://definicion.de/modernismo/>
- Autor descoñecido: *Art nouveau* [en liña]. [Consultado o: 18/15/2015]. Dispoñible en: <http://www.todacultura.com/movimientoartisticos/artnouveau.htm>
- Autor descoñecido: *Casa Batlló. La joya de Gaudí* [en liña]. [Consultado o: 18/15/2015]. Dispoñible en: <https://www.casabatllo.es/historia/casabatllo/>
- VV.AA.: *Casa Lis* [en liña]. [Consultado o: 18/15/2015]. Dispoñible en: http://es.wikipedia.org/wiki/Casa_Lis
- http://www.hoyesarte.com/literatura/miquino-mio-la-pasion-amorosa-de-emilia-pardo-bazan-y-benito-perez-galdos_109328/ [Consultado o 4/5/2015]
- http://www.biografiasyvidas.com/biografia/p/pardo_bazan.htm [Consultado o 4/5/2015]
- http://www.ciberoteca.com/search/autor_mes.asp?idAutor=42 [Consultado o 4/5/2015]
- http://noticias.lainformacion.com/emilia-pardo-bazan/P_i5ANJESYGkDNCDpJrjhSF7/ [Consultado o 4/5/2015]
- <http://es.slideshare.net/AnaIsabelRicoSnchez/emilia-pardo-bazn-35443261> [Consultado o 5/5/2015]
- <http://losojosdehipatia.com.es/cultura/literaturaconcursos/emilia-pardo-bazan-una-novelista-del-siglo-XIX> [Consultado o 5/5/2015]
- <http://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/emilia-pardo-bazan-apasionada-letras/2015022822350123191.html> [Consultado o 5/5/2015]
- <http://www.granenciclopedia.es/literatura/pardo.htm> [Consultado o 5/5/2015]
- <http://www.nodulo.org/ec/2010/n102p11.htm> [Consultado o 5/5/2015]
- http://www.plusesmas.com/nostalgia/biografias/emilia_pardo_bazan/ [Consultado o 5/5/2015]
- <http://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/emilia-pardo-bazan-apasionada-letras/20150228223501231391.html> [Consultado o 5/5/2015]
- http://www.cervantesvirtual.com/portales/pardo_bazan/autora_biografia/ [Consultado o 5/5/2015]
- <http://www.abc.es/cultura/libros/20130401/abci-pasion-secreta-pardo-bazan-201303271949.html> [Consultado o 17/5/2015]
- http://es.wikipedia.org/wiki/Pazo_de_Meir%C3%A1s [Consultado o 17/5/2015]
- <http://es.wikipedia.org/wiki/Naturalismo> [Consultado o 17/5/2015]
- <http://roble.pntic.mec.es/msanto1/lengua/2realism.htm> [Consultado o 17/5/2015]
- http://es.wikipedia.org/wiki/%C3%89mile_Zola [Consultado o 17/5/2015]
- http://es.wikipedia.org/wiki/Emilia_Pardo_Baz%C3%A1n [Consultado o 17/5/2015]

- <http://es.wikipedia.org/wiki/Determinismo> [Consultado o 17/5/2015]
- <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/viewFile/312/318> [Consultado o 18/5/2015]
- <http://www.plusesmas.com/nostalgia/biografias/emilia-pardo-bazan/> [Consultado o 18/5/2015]
- http://es.m.wikipedia.org/wiki/Juan_Ramón_Jiménez [Consultado o 18/5/2015]
- http://es.m.wikipedia.org/wiki/Rubén_Darío [Consultado o 18/5/2015]
- http://es.m.wikipedia.org/wiki/José_Zorrilla [Consultado o 18/5/2015]
- http://es.m.wikipedia.org/wiki/Benito_Pérez_Galdós [Consultado o 18/5/2015]
- <http://www.mcnbiografias.com/app-bio/do/show?key=dario-ruben> [Consultado o 18/5/2015]

g. Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

Aínda que non lle notificou formalmente ao conxunto do profesorado a existencia do proxecto, si llo comentamos á Dirección do centro e a varios profesores, en concreto á maioría dos que impartían aulas neses grupos, ben en materias troncais, ben optativas. Grazas a esas comunicacións informais os rapaces puideron solicitar a axuda de profesores que os asesoraron, e tamén puxeron en valor o aprendido noutras materias, que agora non só lles servía para elaborar o traballo, senón tamén para ensinar aos seus compañeiros. Así, coñecementos aprendidos en Emprendedores, Informática, Latín, Historia ou Plástica saíron a relucir. Era curioso observar como entre eles valoraban os coñecementos doutros compañeiros: algúns que ata o de agora non destacaban academicamente acadaron o respecto do grupo porque axudaron a resolver dúbidas ou ampliar coñecementos, explicaron o uso de ferramentas, solucionaron cuestións técnicas...

Algúns profesores cedéronlles parte das súas horas de clase para facilitarlles o remate das tarefas da Axencia.

h. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Os traballos expuxéronse nas respectivas aulas, e unha selección das tarefas e do proxecto en xeral foi presentada no segundo recreo do xoves 18 de xuño na biblioteca do centro. A falta de tempo impediu que se realizase unha gran publicidade do evento e que houbo varias datas posibles para repetilo. Na aula virtual de Lingua Castelá de 4º de ESO colgamos os enlaces aos tres blogs realizados.

Algúns alumnos doutros cursos e algúns profesores mostráronse interesados no desenvolvemento e nos resultados do proxecto, preguntábons ao longo do proceso se nos gustaban as propostas recén entregadas; ademais, os participantes víamos como aumentaba o número de visitas aos respectivos blogs.

i. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias básicas do currículo, entre outros aspectos.

Os criterios de avaliación utilizados pola profesora responderon, por unha banda, á calidade dos diferentes obxectos que crearon os alumnos (o blog, o anuncio publicitario, o discurso na Feria del libro de Alcalá de Henares) e, por outra, ao progreso dos alumnos no traballo colaborativo, observando —entre outras cousas— a súa implicación, o seu grao de responsabilidade e o modo en que asumiron as tarefas, cumpriron as normas e se axustaron aos prazos previstos.

Os alumnos fixeron unha dobre avaliación: propuxeron unha autocualificación argumentada do seu traballo, e avaliaron os seus compañeiros despois da exposición oral. A cualificación definitiva resultou da media da autocualificación, a cualificación proposta polos compañeiros e a proposta pola profesora. Como xa dixemos, esa cualificación supuxo un 5% da cualificación global do curso.

No último día de clase, cando tamén remataba o proxecto, formulámoslles aos alumnos catro preguntas que debían contestar oralmente. Recollemos as súas respostas na pizarra da aula; transcribimolas fielmente a continuación:

1. ¿Qué habéis aprendido con este proyecto?

Hemos aprendido a organizarnos en poco tiempo, hemos aprendido de manera más “práctica” temario que puede resultar difícil o pesado. (4º ESO A)

Hemos aprendido comentarios de texto, currículums, nombres de editoriales, autor: biografía y estilo, aprendimos a corregir nuestros escritos, a diseñar un stand, un folleto, un blog, un booktrailer, la vida secreta de los autores, los movimientos literarios; la relación según el emisor, el receptor y la intención comunicativa en los textos, a trabajar en equipo, a buscar información y seleccionarla y a estructurar un texto. (4º ESO C)

2. ¿Vale la pena dedicarle este tiempo a este tipo de tareas?

Sí, porque es más productivo, aprendemos más con este sistema de trabajo. (4ºA)

Aprendemos más porque investigas tú, es práctico. (4º C)

3. ¿Qué has aprendido en relación con los demás?

Aprendemos y descubrimos distintos puntos de vista, distribuimos mejor el trabajo. (4ºA)

Aprendimos a negociar, pactar, aprendizaje colectivo, organizar y repartir el trabajo. (4ºC)

4. ¿Qué tipo de trabajo preferís: clases tradicionales o proyectos?

Algunos prefieren trabajos como comentarios literarios y otros prefieren ejercicios y trabajos prácticos.

No día da exposición de traballos na aula de 4º ESO A pediúselles permiso aos alumnos para que puidese acceder de ou vinte Patricia Calviño, unha exalumna do centro que actualmente cursa 1º curso do grao de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Despois das exposicións, Patricia comentoulles a necesidade deste tipo de traballos para desenvolver competencias que lles serían necesarias na carreira universitaria, e comentoulles brevemente a súa experiencia, como ela aplicaba o aprendido no instituto para a elaboración de traballos e as exposicións orais, e ao que agora estaba a sacarlle un gran rendemento.

Cómpre destacar que este tipo de traballos espertan o interese de alumnos menos brillantes nas clases maxistras, e pon en valor outras habilidades, dende a informática ata a empatía. Ademais, favorece unha relación máis próxima no proceso ensinanza-aprendizaxe. Por último, resulta moi motivador para os participantes, tanto profesores como alumnos, velos divertirse mentras crean.

j. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.




A profesora que participou no desenvolvemento deste proxecto é membro do equipo da biblioteca dende hai oito cursos; este curso, ademais, desempeñou a función de coordinadora do equipo.

Utilizouse a biblioteca do instituto, xa que dispón de sete computadores (para uso dos alumnos), canón de proxección e material impreso variado: obras de consulta, exemplares das obras propostas (algunhas en edición crítica) para seren seleccionadas e bibliografía de apoio, documentarios, películas e series sobre obras cinematográficas (por exemplo, *La Regenta*), revistas e xornais. Ademais usamos os auriculares, posto que o material en soporte audio era escoitado individualmente. Cos grupos máis numerosos (en 4º B son 24 alumnos e en 4º C son 31) precisamos utilizar o ordenador reservado para a consulta OPAC, o ordenador do bibliotecario, e a profesora mesmo achegou o seu *notebook* para facilitarlles o traballo.

Aínda que a nosa biblioteca conta cun espazo moi reducido, dispón dun mobiliario bastante flexible que permite a organización en pequenos ou grandes grupos de traballo. Os alumnos distribuíronse segundo as súas especialidades e debatiron sobre a mellor redacción do texto, o logo máis axeitado, etc. A maioría dos alumnos de 4º de ESO son alumnos do centro dende 1º e coñecen ben os recursos e a organización dos fondos na biblioteca; aínda así, houbo que axudar a algún a refrescar o aprendido na formación de usuarios que recibiran en cursos anteriores. É grato recordar

que un alumno, “insumiso á aprendizaxe” no primeiro trimestre, decidiu colaborar en moitos recreos na organización dos exemplares devoltos que debían ser recolocados nos andeis, e as súas aprendizaxes foron de gran axuda para os seus compañeiros na localización dos materiais que precisaban en cada momento. Recoñecíanlle a súa eficacia na busca, e o feito de saberse útil e recoñecido veuse reflectido na súa actitude cara ao estudo. Ao final do curso recoñecía que o tempo pasado na biblioteca fixéralle reflexionar sobre o seu percorrido académico e persoal.

A Estrada, a 29 de xuño de 2015



II Concurso de traballos por proxectos

**Axencia
literaria**



ANEXO I: MATERIAIS ELABORADOS POLOS ALUMNOS

**M^a Teresa Leis Rey
IES Manuel García Barros
(A Estrada)**

Blogues:

[Agencia literaria Apalabrados](#)

[Agencia literaria Legere](#)

[Agencia literaria Litterae sunt](#)

Escollemos un exemplo de cada un dos traballos presentados: recóllense tal e como os entregaron. Nalgúns detéctase unha intención cómica, noutros trascendente; nuns o ton predominante é melancólico, noutros lánguido... De todo hai.

Acta de constitución da axencia literaria:

Asistentes:
Loyola Silva Fernández
Mariña Pena Blanco
Ariadna Bermejo Docampo
Noemí Turnes Agrelo
Victoria Peiteado Espiño
Ana Sayáns Carrera
Jessica Iglesias Pereira
Antía Campos Cuiña
Guillermo Fernández Álvarez
Sonia García Rey

Acta de la Junta General de la Agencia Literaria "Litterae Sunt"

En A Estrada, siendo las 17:34 horas del día 21 de abril de 2015, se reúnen en primera convocatoria los miembros de la Agencia Literaria "Litterae Sunt" a fin de celebrar la junta general de la agencia anteriormente mencionada, y conforme al siguiente

Orden del día

1. Creación, propuesta y elección del nombre de la agencia.
2. Nombramiento del secretario y del presidente.
3. Contratación de la empresa publicitaria para la elaboración de la imagen de la empresa.
4. Ruegos y preguntas.

Abre la sesión la presidenta en funciones

1. La presidenta en funciones, Loyola Silva Fernández, propone los posibles nombres para la agencia. Después de una votación por unanimidad se elige el nombre "Litterae Sunt".
2. Se nombra a la Presidenta Jessica Iglesias Pereira y a la secretaria Antía Campos Cuiña después de una votación.
3. Se discuten el presupuesto y los horarios de la empresa publicitaria.

Y sin ruegos ni preguntas, la señora presidenta levanta la sesión a las 17:52 horas del día al principio indicado, de todo lo cual yo, como secretaria, doy fe.

Fdo: Antía Campos Cuiña

Secretaria de la Agencia Literaria "Litterae Sunt"

Carta de presentación da axencia literaria aos escritores:

Apalabrados 

Estimado señor don Gustavo Adolfo Bécquer:

A 23 de abril en la biblioteca del IES García Barros, queremos comunicarle que; desde la Agencia Literaria "Apalabrados S.L." representamos a los autores, tanto como en España como en el extranjero, velando por la promoción de sus obras y la defensa de sus derechos. Por ello, nos gustaría contar con su confianza en nuestra empresa, la cual, esperamos, sea de su agrado.

Un cordial saludo.

Firmado: Carmen Ballcells
En calidad de presidenta de la agencia

Carta de presentación da axencia literaria ás editoriais:



Agencia literaria "Litterae Sunt"

Avda. da Cultura

36680, A Estrada

Publicaciones y ediciones Salamandra S.A

Palma de Mallorca, 237008

Estimado/a director/a general de la editorial Salamandra:

Hemos considera sus proyectos editoriales afines a nuestros objetivos y adecuados para formar parte de nuestra agencia literaria "Litterae Sunt".

En "Litterae Sunt" promovemos y publicitamos obras reeditadas de diferentes autores del siglo XX, tanto del Romanticismo, como del Realismo y de la literatura hispanoamericana.

Nos gustaría que su editorial participase en el ilusionante proyecto de rescatar obras que en parte se encuentran en el olvido.

Esperamos su respuesta. Reciba un cordial saludo,

En A Estrada, a lunes, 8 de junio del 2015

Fdo: Jessica Iglesias Pereira,
Presidenta de la agencia literaria "Litterae Sunt"

Carta dos escritores aos seus coetáneos (escollemos varias propostas, porque facíase difícil desestimar algunha delas):

Carta de Antonio Machado a Rubén Darío

Estimado Rubén Darío:

Escribo esta carta con el fin de despedirme, me encuentro junto a algunos amigos como Joaquín Xirau, Tomás Navarro Tomás... y cientos de miles de españoles más huyendo de la guerra en un vehículo conseguido por el doctor José Puche Álvarez.

Posiblemente esté ante mis últimos días de vida, recientemente acabamos de superar la frontera camino de Francia, destino a Colliure donde esperamos encontrar cobijo.

Desde que nos encontramos por primera vez en París en 1902, y me declaré admirador de su obra; usted fue el principal inspirador de mis obras, así como de las de muchos otros escritores del grupo modernista; también le agradezco la mención y las palabras halagadoras hacia mi persona en el libro *Opiniones*.

Espero con entusiasmo su respuesta, en la que confío que me informe sobre las novedades en su vida.

Gracias por la atención prestada y me despido de usted con mi más distinguida consideración.

Atentamente: Antonio Machado

Carta de Gustavo Adolfo Bécquer a su hermano Valeriano

Estimado Valeriano:

Le escribo esta carta desde mi catre en Veruela, donde reposo junto al calor de los nuestros mientras trato esta dura enfermedad que se me ha diagnosticado, la tuberculosis. Después de una vida complicada todavía me veo con las fuerzas de continuar, aun soy demasiado joven para morir.

